

Materia	CIENCIAS DA NATUREZA	Pág.	1
Curso / Ciclo	3º de Educación Primaria		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª AVALIACIÓN (1-2) <u>Así somos</u>	2ª AVALIACIÓN (3-4) <u>Así son os animais e as plantas</u>	3ª AVALIACIÓN (5-6) <u>A materia e a enerxía</u>
<p><u>Contidos:</u> Como é o noso corpo por fóra A función de nutrición A función de relación A función de reprodución Como cambiamos</p> <p><u>Técnicas e actividades</u> Tarxetas con preguntas Recoñecer un obxecto sen ver</p> <p><u>A nosa saúde</u> A saúde e a enfermidade A alimentación A alimentación sa A hixiene e a saúde Outros hábitos saudables</p> <p><u>Técnicas e actividades</u> Tríptico da saúde As etiquetas dos alimentos Botiquín primeiros auxilios</p>	<p><u>Contidos</u> Hai moitos seres vivos Así son os animais Os animais vertebrados Os animais invertebrados Así son as plantas</p> <p><u>Técnicas e actividades</u> Elaboramos fichas de animais Guías de animais</p> <p><u>Animais e plantas da natureza</u> <u>Contidos</u> Onde viven os animais e as plantas Os ecosistemas Utilizamos os recursos naturais Debemos coidar a natureza</p> <p><u>Técnicas e actividades</u> Elaboramos un mural Coñecemos o que é un ecosistema</p>	<p><u>Contidos:</u> A materia, as súas propiedades e tipos. Os estados da materia A materia pode cambiar Utilizamos a materia <u>Técnicas e actividades:</u> Que facemos co lixo? Reducimos ,reutilizamos e reciclamos.</p> <p><u>As máquinas</u> <u>Contidos:</u> Que é una máquina e como funciona. As máquinas simples e as compostas. As máquinas antigas. As máquinas actuais.</p> <p><u>Técnicas e actividades:</u> Máquinas que fixeron historia. Videoxogos e seguridade</p>

OBXECTIVOS

- Coñecer os diferentes tipos de seres vivos que hai na Terra, e especialmente, os animais e as plantas.
- Recoñecer os beneficios que nos achegan os animais e definir as principais formas de aproveitamento dos animais.
- Describir as características xerais das plantas, as súas partes e as funcións que desempeña cada unha delas, e coñecer e identificar os tipos de plantas segundo os seus talos.
- Definir saúde e enfermidade, e coñecer algunhas causas que producen enfermidades.
- Definir dieta e dieta saudable, e coñecer as características dunha boa alimentación desde o

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

punto de vista da saúde.

Valorar a importancia do exercicio físico e do control da postura, da alegría, da comunicación, do descanso..., para manter a saúde.

Distinguir substancias puras e mesturas.

Diferenciar os materiais naturais e os materiais artificiais.

Definir enerxía e coñecer algunhas formas nas que se manifesta.

Distinguir as fontes renovables de enerxía e as fontes non-renovables de enerxía.

Definir máquinas, identificar algúns dos seus elementos e describir, de forma sinxela, o funcionamento das máquinas simples.

Distinguir as máquinas simples e as máquinas compostas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.

Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.

A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial :** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos a utilizar:** a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.